



OU ZANFONA SEMANAL—D' ALEGRIAS OU DE BÁGOAS,—SEGUN QU' O POBO GALLEGO S' ADIVIRTE, CANTA OU LAYA.

PRECIOS DE SUSCRICION

N-a Cruña, OITO cadelos pequenos ó mes—Fora NOVE id.—Número solto UN can grande

OS VIÑOS DE BETANZOS.

Si é certo—como por disgracia está comprobado n-a práutica—qu' o caráuter español en xeneral distínguese pol-a negrixencia e abandono con que sóe mirar os mais achegados intreses, este destintivo é moito mais marcado en nosoutros os gallegos, que, si conecidos en total-as partes d' o mundo pol-a autividá, apriacion, costancia e honradés que despregamos individualmente, en falta de prevision e abandono damos trinta e raya á total-as demais provincias cando d' intreses coleutivos trátase.

A union e a mútu' axuda fai a forza; pro a union e a axuda entre os gallegos é imposible, porque cada un vive com' as lapas drento d' a propea cónchega, figurádoselle que pra nada ten que parar mentes n-a sorte d' o viciño, sendo así qu' o mecanismo social ten tal trabazon qu' o dano e desperfento d' a mais pequena d' as suas rodas ocasiona a roína e perda de tod' a máquena.

Como falamos como quen dí en familia non hay que tomar á mal a crudeza d' os cargos.

As mesmas portas d' a Cruña escomenza o sin disputa mais hermoso val d' España, xustamente celebrado por algús concenzudos xeógrafos: o val d' as Mariñas, que conta entre as ricas e abundantes produciós d' o seu chan co-a d' o viño, que n-él se

predoce—unque con gastos abondo pra outélo—en cantidás qu' esceden ó consumo limitad' ó país en que se dá; e esto consist' en que, sendo pol-a gradacion alcohólica soasmente *chacolis* que como tales non deberan pagar mais qu' os pequenos dreitos á éstes sinalados, son considerados como viños á sua introducion n-esta capital, inxusticia que zarra ós cosecheiros mariñás as portas d' o maor e mais enmediato mercado.

Nadia pode calcular o desarrollo qu' esta endustria tomara e os beneficios que éla reportaria á rexion, si, ó modo que socede n-as provincias Vascongadas, s' ontuvese pr' os viños d' as Mariñas a erasificacion de chacolí que lle corresponde; pois o cultivo d' a vide, redocid' hoxe á pequena parte de terreo, estenderíase á tol' a zona onde é susceptible d' él, chegando á constituir o mais poderoso remedio d' a crisis por qu' atraves' a agricultura; e ó mesmo tempo lograríase qu' unha gran parte d' o diñeiro que se lev' a importacion quedase n-a provincia—ou n-a capital, porque non habrá quen negue qu' a pobracion d' as Mariñas, direuta ou indirectamente, é a que mais contribuye á alementar o comercio d' a Cruña.—

Pois ben: sendo de rigorosa xusticia que se rebaxen os dreitos d' introducion ós viños de Betanzos, porqu' unque recomendabres pol-as suas propiedades dixestivas e estimulantes non pasan de ser

chacolis, e sendo ademais unha apremeante necesidá fomentar o desarrollo d'esta riqueza que ven á remprazar en certo modo a agonizante ganadería, ¿qué fan, qué fixeron, pra qué foron elixidos eses percuradores d'os intreses d'o pobo chamados deputados que non xestionan d'o goberno a deccracion qu' apuntamos e que n-outras provincias rixe pra viños de mais gradoacion qu' os nosos?

Pois téñase entendido que, sin o grave incoemente que lles ofrece o estar equiparados n-o pago de dreitos ós viños de Castilla e Riveiro, moitos cosecheiros de Betanzos que de cóte viven c-o recelo de tér que valeirar os fustes cando chegue a vindi-ma, concurrirían c-os seus estimabres anque froxos viños, que, sobre todo n-a temporada d'os calores, non teñen igoa como refrixerantes e tónicos, c-o que beneficiábase a salú púbrica amenazada pol-as falsificaciós qu' hoxe campan, e beneficiábase tamen a riqueza rexional.

Teñan en conta as curtas refreusiós que deixamos espostas aquelas persoas que teñen contraídos sagrados deberes de proteccion qu' imprec' a invis-tidura de deputado, e xa que tanto se cacarexa o fomento d'a agricultura, non esquezan un d'os mais importantes ramos d'ela.



Debido á galantería d' o señor Baldomir tivemos o gusto d' admirar a que, inda sin poder xugala pol-a audicion e si solamente pol a partitura, calificamos de subríme e preciosísima melodía, a qu' inspirada n-a tenra e melancónica balada *Último adiós* d'o insine vate don Francisco M. de la Iglesia, de tal maneira armoniza en idealismo e sentemento co-a letra, que poidérase asegurar qu' unha e outra eran conceucion d' un solo inxenio que tivera a facultá de sentir e cantar como deben sentir e cantar os anxeliños.

D' a letra, que copiamos n-a seucion correspondente—sintindo non poder, por hoxe, facer o mesmo co-a múseca—faremos seu mellor eloxio con solo dicir que é unha d' as mais inspiradas composiciós d' o señor de la Iglesia; léndoa non se pode resistir á tentacion de cantala, tan amoldado está seu ritmo ó d' o *alaláa* que triste e docemente entoado elevan nosos campesinos en suave masa d' armonía en que resalta cal nota dominante o *debor resinado* que constitúye noso modo de sér.

Tod' a tenrura, tod' o idealismo d'os conceptos, non é incoemente pra qu' o poeta, persiguindo un ideal práctico, eusécre e condane a emigracion d' a maneira enérxica que dito señor sabe sentir estes afeutos.

A múseca, como levamos dito, corre parexas en subrimidá co-a letra, y-é unha inovación maxistralmente levad' a cabo pol-o autor que sinala un novo camiño á múseca pátreia, e dá a medida d' os talentos músicás d' o xoven compositor señor Baldomir, á quen filicitamos de todas veras, n-oustante—pese ó noso rexionalismo—sintamos ver qu' a espumadeira d' o progreso, modificándoo e perfeccionándoo todo, chegue por ese camiño á facer desaparecer o mais esencial e típico d' os nosos cantos populás.

CÁNTIGAS

O ÚLTIMO ADIOS

— BALADA —

Doim' o corpo... doim' a alma...
Fóxem' a luz... váisem' o ar...
¡Ai, d' a que o seu querer puxo
N' un corazón de metal..!

¡A la laáa la!

Mali-a-tí, si, fame d' ouro
Que tantas vítemas fas;
De cote ofrescendo albendas
Qu' enterradoiros serán.

¡A la laáa la!

Novo Mundo!.. ¡Cuba... Cuba!
Arredávós, arredá,
C' o vóso sayal dourado,
Q' os vóso bicos mortás!

¡A la laáa la!

II.

Amantiño... si te fóres
Coida que m' arrincarás
Máis vágoas que dan as ondas
Q' o teu barco azoutarán.

Non te vayas, meu homiño,
Non t' embarques, non ¡por Díos!
Que vas a ferir de morte
Meu orfiño corazón.

¿Non ves case vén a noite
Esparguend' a scuridá?
Pois así virán as penas
A desfaguer nóso lar.

¡Quédate pra defendelo...
Pra enterrarme si che praz!
Pro n' abandónel-o niño
Onde m' insinach' amar...

¡Ai! ¿e vaste, meu alento?..
¿Non te detén meu amor?..
Pois ja qu' así m' abandonas,
Hastr' a ternidade!.. ¡adios!!

Francisco M. de la IGLESIA



RESULTAS D' UN AMORE

— ∞ o ∞ —

(CONTO CHURRUSQUEIRO)

Soilos entrambos un día
n-a sombra d' a carballeira
mostrando n-a fas rideira
ó seu pracer

él mirábaa tenramente
y-éla tanto ben sintía
qu' á pouquiños surría
sin querer.
A tarde foise escurriendo
n-os piricoutos d' os montes
e trouxo á logo hourizontes
d' escuridá,
mais éles aloumiñados
por unha ánsea qu' os degora
non reparan en qu' é hora
d' irse xá;
e mentras que nos seus eidos
arde ó lume para á cea
seica un y-outro soletrea
algo d' amor:
porque se escoitan á veces
unhas palabras docíñas
que escorrientan morosiñas
ó delor:
y-os dous á par tan chegados,
tan mozos e tan quiridos
por fogo d' amor cinguidos
segun din,
dábanse d' o seu cariño
probas inegables, cértas...
bicos, sospiros, apertas
é... a fin.

Logo a basoura d' o tempo
os dias foi rempuxando
y-a realidá esborallando
á ilusión:
non rezaron os rapaces
cando estiveron á iscuras
esquencendo co-as negruras
á oración.

O conto non dice mais
pro, un mozo bugalleiro
dixome houbéra n-a aldea
meses dempois, bauticeiro.

R. Pesqueira Crespo.

AMOR E PERFÍA

Si non m' é infel a mamoria,
contarei punto por punto
dend' o comenzo esta hestoria;
qu' inda me fire, n-o asunto
ser parte, así vex' a gloria.

Fai xa tempo que pasou
e a traición non esquencin
d' a que n-o altar lle xurou
amor, que despois á min
me vendeu... ou me cobrou.

Eu era mozo, él tamen;
os dous d' un mesmo lugar,
y-él un rapaz tan de ben
qu' á honradés e á traballar
non ll' igoalába ninguén.

Farto eu de fozal-a terra
fun ó servicio d' o rey,
mais cando volvin d' a guerra
xa casad' o atopei
con quen dina d' él non era,

Delores, a paliqueira,
a d' os mil e cen amores,
d' a cachola tan lixeira
qu' n-aldea e arredores
chamábanll' a *Peneireira*.

Eu tamen ¡malí' ó xuicio!
co-éla tiven que ver;
qué fai o demo qu' o vicio
atráyanos n-a muller
mais que d' a vertu o exercicio.

Esta, pois, foi de Baltar
crus, calivera e calvario,
amiga d' o bó pasar,
de levar luxoso sayo,
pro non de traballar.

Vend' él sua conta fallida,
mais n-éla cego adourando,
quixo mellorar de vida
e medios non atopando
entrou n-a senda perdida.

O traballo abandonou
por dedicarse á roubar,
e tanta fama cobrou
qu' hastra dou fama ó lugar
onde a partida formou.

Com' o crime non ten tasa,
tras ladron foi asesino,
e preso n-a própea casa
foi a ocupar o destino
d' aquél qu' as leises traspasa.

Foi d' estonces a ocasión
en que n-as redes caín
d' a muller sin corazon.
que por tola e por ruin
d' un santo fixo un ladrón,

¡Ai de min! ¿Quén non tentara
aquele cachiño de céo
que brilaba n-a sua cara,
anqu' o inferno horrib' e feo
baix' os feitizos levara?

Unha noite... bruab' o vento,
chuvia e pedra redobraba,
y-eu, d' o lar d' o preso drento
oubind' os tronos, tembraba
xunto á infel' no mesmo asento.

Os nosos pés n-a humeira
fervia a cé' á cachón,
e alí preto, n-a lareira,
un xerro de viño bón,
pan trigo, mel e manteiga.

Eu co-a y-alma atefegada
como quen fai testamento,
contra min éla arrembada
e a lume que ll' arde drento
ás meixelas asomada.

N-esto alguén debeu petar
que nos fixo ós dous erguer
e a Delores marmular:

—¡Meu home non debe ser,
mais... paréceo n-o chamar!

Com' á quen ánsea degora
petan, y-éla con reposo
dixo:—¿Quén cham' á deshora?
—¡Abre, que son teu esposo!
contesta unha vos d' afora.

¡Alma negra de muller...
Con calma a cea gardou,
a min fixome meter
n' un armario, e éla baixou

finxindo gozo d' o ver

—Ai, meu homiño quirido,
canto por tí sospirei
e ó verte triste, afrixido,
cántas bágoas derramei
lembrando meu ben perdido!

Esto Delores dicia,
y-eu pol-o pecho atisbando
á Baltar de frente via
qu' estaba o probe chorando
o pesar qu' o consumia.

Mais nada ó reconocera
co-a barba negra e probada,
a coór como d' a cera,
sucia a roupa e esfarrapada...
mais ben qu' un home, unha fera.

Medio deixouse caer
n-o banco qu' eu ocupara,
e alí concentrou seu ser
mirando á que tanto amara,
áanse sintindo d' a ver.

—Escoita n-este momento
as postrimeiras razóns,
—dixo:—que tod' o contento,
tod' as miñas ilusiós,
é fume que lev' o vento.

O calabozo escalei
e veñenme persiguindo;
si cayó baixo d' a ley.
como estás, Delores, cindo,
que m' ospera a morte sei.

Forza é fuxir e deixarte:
vin solo por darche un bico
e unha ves poder mirarte...
¡Si á esto a vida saqurfico
xusga cánto podo amarte!

Eu heiche de noticear
si á porto seguro arriba:
de non, pódoche xurar
que si non te atopo vivo,
morto te hei de vir buscar.

Mentras así parolou
púxose de pé dereito,
forzas de novo cobrou
e apertánda contr' o peito
a infame muller bicou.

El fosei, mentras Delores
falsas bágoas enxoitando-
alléa os seus sinsabores,
non esquenceu qu' esperando
estaban outros amores.

Abreume o armario e salin
lixad' o meu corazón,
qu' eu chorara ¡voto á min!
ó ver que tanta pasión,
levaba un pago tan ruín.

Collin o pau e a monteira,
e bruando de coraxe
baixei d' un brinc' a escaleira
dicindo:—¡O demo me raxe
antes que volv' a tua veira!

A. V. T.

Ó MÓR D' A LAREIRA

CONTO QUE PARCE HESTORIA

(CONCLUSIÓN)

Ceguei á pousada xa con bastantes voluntás de

moular e perguntei á dona que tiña pra matal-o apetito, contestando éla qu' amiñeiras fritas, amiñeiras guisadas, amiñeiras...

—Tráyame un prato d' elas,—contesteille,—sean d' a crase que queiran: pol-o visto aquí sodes amigos d' as cónchegas.

—Siñor está tan caro n-a cibdá esto de carnes, ten tantos impostos, que solo podemos chamar carneiros á eses altos empregados de rumba e tumba; o pescado fino tamen marcha pra Madril, de maneira que témonos qu' agarrar ós berberechos, mixillós, percebes, en fin, ó marisco, e ben sabe Dios que moitas veces n-o quer ó corpo.

—Traime, traime logo ese prato e déixate de lerias, que pol-o que vexo s' estou aquí moito tempo voume volver caracol.

—Siñor, tamen teñ' ostra.... cismo,—díxome.

—Eso x' o vexo.

—Quero decir que teño ostras (estes brutos d' aldega non entenden mais que de cocho e chacina).

Volveu ós brincos e tróuxom' unha fonte d' amiñeiras como puños, cheas de pimento picante, e per separado n-o fondo d' un prato media dúcia d' ostras que pol-o tamaño debían ser tartaranetas d' aquelas que levaron ós ingresos n' hay moitos anos. Collin á navalla fixen catro pedazos d' unha d' as promeiras e cuasque me fartei, logo votei un vaso de purrela, ou viño cruñés qu' abunda en moitas tabernas protexidas d' os empregados e isca, voteime en busca d' os compañeiros de viaxe.

Non tardei moito en atopalos filosofando un car' outro n-os soportás d' a deputación.

—Aquí—decía Bartulo—véñench' a parar moitos d' os cartiños que damos aló pol-o consumo, tan só por eso debíamos ter entrada n-este palacio.

Eu ténoch' aquí ó recibo d' o último tércio, vamos á mostrarl' á ese siñor qu' está n-a porta á ver se nos deixa pasar pra miral-os salós, ó fin debe pasar com' os billetes n-as prazas de touros.

—Ola, trai aquí hó, toveches bon descurso; ven cenmigo,—repreicu Bartulo, collend' o recibo d' a man d' o compañeiro e co-a pucha sacada dirixiuse ó porteiro:

—¿Qué trae usted?—lle perguntou aquél.

—E vostede dime “que traya o que queira”; pois traer xa trouxen moito, pro agora xa estou rapadiño de ves: querer non quero, porque non m' o dan; mais vel' aquí está o recibo de consumo, por si serve pra entrar n-o edificio.

O porteiro, d' estonces levantou a vos, e com' o xeneral que vota unha arenga dixo:

—Aquí solo entra el que trae *najocios* que proponer ó diñero que *pajar*, escepto cierta clase de personas de principios que saben pisar alfombra, o tratar con la *guente* en el *lenguage* clásico de Castilla.

—¡Está bo' a navalla!—cramou o labrego.—De modo qu' eu porque nunca tiven a disgracia de pisar eses rodos que tedes n-o pavimento non son home com' os demais, e carezo de memoria, entendemento e vontade.

—No, porque no sabes hablar castellano ni vistes levita.

—¿E y-eu e-o meu saño de lan, non sabrei dicir en gallego moitas verdás? ¿Non sabrei concebir e manifestar os mais alevados sentimentos de xusticia, de legalidade e inda d' a cencia? ¿Non sabrei comprender á Natureza e á seu Autor? ¿Non sabrei amar ó próximo com' á un hirman? ¿Non sabrei...?

—No sabes nada.

—Logo sei algo, porque duas negaciós afirman,

—Vete d' ahí, cazurro, ¿ó es que me quieres toma el pelo?

—Non, pelo de deño moite tés,—repicou Farruco pol-o baixo sepraándose á xunt' a porta d' o trato con Manexo.—Garda o recibo, ho,—dixolle,—non sea que ch' o volvan á pidir aló eses lampantis.

N-esta ocasion pasou por alí un home alto e delgado com' o pau de forza ó que ll' houbesen posto un sombreiro de pelos, e n-a galleta d' abaixo duas botas de charol de boi que parecian gabarras, pol-a espalda colgáballe un lavitón sin solás, a cara chea de barbas despregadas en guerrilla, e co-as trazas d'un desteta-nenos.

—¿Quén será aquel alma-longa?—dixo Manexo.

—Non che sei; mais pol-as trazas debe ser algun que se tén por moi listo, ou á quen axudan á leval-o paleo, porque cara de diñeiro non a ten.

—Home, estou cavilando qu' aquí n-o pobo todol-os señores andan enfinchados e graves, e d' o demo si rin pra nada.

—Eso bon é d' espricar: os de temperamento nervoso son como nos francos, dicidores, campechanos, amigos d' a sociedade, d' a xusticia, aman á tod' o mundo porque comprenden que non han de vivir sempre e que n-a terra todos somos compañeiros, fillos d' un mesmo pái e hirmás n-as disgracia d' a humanidade; mais repremen o seu sentemento pra igoalarse á outros d' orellas longas e boa posición, que todo miran con desprecio porque non ven mais qu' a punta d' a sua narís.

—Por eso cando nos ven rir chámannos bestas:

—Así é; pro eu nunca vin besta que se rira, pol-o contrario, o meu faco paudo sempr' está serio; os seus ollos nunca denotan alegría, e si falase, poño por caso, en castillano e vistira de cabaleiro doun' ós diaños sinon era capás de chegar á persidente de calquera cousa; a risa, Manechiño, eche privativa d' o home e a manifestación d' os mais nobres afeutos; é tamen a proba d' a sinceridá d' o felis mortal que de cote a ten n-os labres.

—¿Oyes, Bartulo, sei que ch' está tocando á múseca n-o café; vamos alá!

—Vamos logo, qu' hoxe tócall' a ves á Portas e á Dorado n-o "Imperial"; á min venme moiño a múseca, elev' o espirto e fai olvidal-as penas e carraxes d' a terra; por outra parte os músecos, así como todol-os artistas, son bós por natureza e non gastan o pisto d' os iñorantes nin son ostácluo á fraternidá universal, com' os que viven d' o cálculo apricado.

Manecho e Bartulo colleron amodiño car' ó café, non sin qu' o último lle votara un resto—contra si—ó porteiro que d' estonces estaba coadrado diante d' un diputado, com' o quinto diante de seu capitán. Baixaron as escaleiras, abriron a porta e tras d' éla á dreita pousaron as mocas.

D' aquela Manecho, roibo co-a vergonza, douse presa á quitál-a monteira, pro Bartolo dixolle:

—Déixat' estar' ho; aquí non hay santos, e todos somos iguás mentras cant' o grilo n-a balsa.

—Acomodáronse n' unha mesecha, e o último dou duas palmadas, ás qu' acudeu un mozo vello que co-a bulra n-os labres perguntou:

—¿Qué desean VV., caballeros?

—*Dos tazas de café*,—adiantou Manecho, sin sabel-o que dicirse ó verse tratado de caballero e reventando e-o estímulo.

—Prohiboche que curtel-o castillano nin fagas nada sin o meu consentemento,—cramou o outro.

O mozo troux' ó moment' o confortativo con bastantes pedras d' azúcre qu' emborcaron os forasteiros n-as tazas, revolvendo cal si foran papas.

D' aquela decatáronse d' a desproporcion qu' eisiste

n-o reparto d' os consumios respectivamente á aldea e cibdá: n-aquela mantéñense os homes con verzas e patacas solas, pagand' o que non poden; os d' a vila co-aquel refinamento d' o paladar e farsadas d' a moda e d' o vicio, c' unha cota que sempre lles párece moita anque nada sexa: falaron d' os apotentados traficantes de cacao, augardentes e azúcre, e qu' o segundo d' os artícalos é innecesario e inda perxudicial; en fin, tanto parolaron que veu asíñ' a noite y-eu túvenos que deixar pra buscal-a miña vida.

Outro dia farei por atopalos o contarvos algo d' eles qu' abofellas o merecedes.

¡Nobres patricios que prestades vos' axuda á grande obra d' o renacemento d' a fala gallega, soscribindos á FULIADA, nunca os ollos vos cansen de léela!

Carlos FOL.

OS ATALLOS PILIGROSOS

Todos van tral-a fortuna lonxe, esperando' atopar... mais éla, sin presa algunha, atrás sóese quedar.

Unha bonita casiña d' un piso e fayado unida á un alpendre, con corte pr' o gando e cortello onde todol-ós anos crianse dous cochos, asentad' aquela n-o mais fondo d' o val e medio aculta baix' ás longas ramas de catro vellos e grandes castaños qu' a defenden d' os rayos d' o sol n-o vrau e d' a chuvia e a brétema n-outono; unha horta qu' atravesa o marmulador regato mesm' á beiriña d' a casa, con sua dúcia de froitales e unha barra que dá aló pol-a vindima unha pipa de viño, quedando terr' abondo pr' as patacas e a verdura d' o ano; unha leira de levar des ferrados; un prado e uns cantos anacos de terr' á monte, facian de seu dono Bras d' Outeiro, senon uu labrego acomodado, cand' os moitos trabucos non deixaron un pra mostra, ó menos un home que non debia temer á fam,e sempre que non fose perguiceiro e lle dise ó mallo.

A mais de todo esto coupérall' en sorte tér por compañeira unha muller qu' á maores de ser xoven e guapa, anemosa e riseira, era facendosa com' éla sola, de moito consello pr' o goberno d' a vida e que mais d' unha ves termara d' él pra que non se metera n-as querellas qu' arruinan ós paisanos e enchen o peto d' a curia.

Un neno e unha nena de curtos anos daban fé; pol-o parecido qu' en rebustés e guapura tiñan e-os felices esposos, d' a lexitimidá orixinal, así como tamen de qu' inda non petar' á porta d' aquela casa a miseria que se pasea pol-as aldeas rouband' os coores ás meixelas e a forza ós traballados membros: en fin, era tant' a tranquilidá e alegría que reinaba n-aquela familia, qu' era moi de temer qu' o demo, sempre covizoso d' a filicidá d' os homes, armase contra éla algunha d' as suas arteiradas.

Certo dia correu pol-a parroquia a nova de que habia chegado de lonxes terras un veciño cuasque

xa esquencido de todos, pro que segun asegúrase viña forrado en ouro, sendo así qu' algúns anos atrás marchara fuxindo á fame.

Cántas espranzas descabeladas infunleu á chegada de tal suxeto n-o ánemo de seus conviciños, non é pra contado: solo, sí, direi que Bras foi tamen un d' os que diron en cavilar sobre.... o fáctile qu' é adquirir unha fortuna con solo pasar o charco grande.

Cando unha idea se fixa n-o caletrede certos homes fai com' o verme que se mete n-as mazás, qu' habendo escomezado por un hóvo pequerrecho vai medrando hastr' acupar tod' o carozo: d' a mesma maneira o verme d' ir buscal-a fortuna apoderouse d' os meolos d' o probe Bras que, xord' ós consellos e hágoas d' a sua muller, dispuxo as cousas de maneira qu' ó cabo d' un mes d' estes sucesos e arrebañando todol-os aforros qu' habia n-a casa, dispúñase d' a familia pr' o viaxe ás Amérecas, d' o que, segun seus cálculos, volvería drento d' un par d' anos á mais tardar.

A separacion foi como as de total-as persoas que se queren de corazón e non poden percisar cando volverán á verse.

Bras pometeu esquirbir á meudo, e como proba d' a sua boa voluntá esquirbiu desde Lisboa, pirmer porto onde tocou o vapor en qu' iba, e á sua chegada a Buenos Aires repitiu á carta.

Despois..... pasaron meses e anos, seus fillos creceron hastra chegar á facerse homes e mentras tanto non se tivo noticia mais d' él; sua muller chorando por morto, vistiú o triste loito d' as viudas e cando dirixia o rezo d' as oraciós o pirmer *Padre Nuesiro* iba pol-a ánema de seu marido.

Estando éla emparentada con persoas ricas, e rodando as herencias d' uns en outros, tivo, en medio d' a sua disgracia, a sorte d' herdar un capital de des mil pesos, debendo á esta circunstancia o chegar á ser á mais rica de tod' a comarca en seis legoas ó rodeo.

Vint' e dous anosson pasados dende que Bras Outeiro abandonou o chan qu' o vira nacer e xa seu recordo, desvanecido pol o tempo, non vivia mais que n-a memoria d' amante e fel muller que ll' había feito un altar n-o seu corazón.

Amalia—este é o nome d' a muller de Bras—que ten o presentemento de que non ha de morrer sin volver á ver seu esposo, vive n' unha casa que mandou facer n-o camiño rial, porque..... ¡qué remordemento pr' éla si entre todol-os peregrinos d' a vida pasase tamen, espido, fracoe famento, seu marido.

Unha tarde d' Outono e cando en longa ringuleira recollíase n-a corte o gando d' a Amalia, unha viciña, parándose frente d' ela, díxolle:

—Señ' Amalia, ¿non foi ver o probe enfermo que recolléron n-a casa d' o pedáneo?

—Non soupen nada.

—Elle un homiño que ven de lonxe e que di naceu n-esta parroquea.

Amalia non quix' oubir mais: sintiu que tod' a sangre se lle subía á cabeza e o corazón deixaba de latexar, e esquencéndose d' o gando votou á correr en direitura á casa d' o pedáneo.

Todo era certo; e com' o camiñante enfermo e recollido houbera feito ó pedáneo mais acraraciós, éste adiantouse á desconsolada Amalia, dicíndolle:

—Siñora; dispoña vosté de maneira d' aloxar á seu home, pra que non se diga que morreu fora d' a casa.

A muller abreuse paso por medio d' os curiosos e entrando n' unha bodega d' onde salia resprandor de luces e marmullo de voces, veu tendido sobr' unhas pallas á un home vello á xusgar pol-as canas e as enrugadas, vistido de farrapos e descansando a cabeza sobr' un cativo morraliño qu' enzarraba todol-os bés de que él dispoñía n-a terra.

Aquel era Bras d' Outeiro, o labrego xoven, rebusto e felís qu' anos atrás salira tras a fortuna, trocando como sole dicirse, o paxaro d' a man por cen qu' iban voando.

O reconecemento foi tan sentido como houbera sido a reparación: por parte d' él o remordemento e a desesperación sin consolo: por parte d' éla a negación d' a xusticia de Dios que lle dira unha riqueza co-a que non podia comprar o que mais estimaba n-o mundo, a vida de seu home.

Despois de desfogar ambos á dous seus sentimentos, Bras, comprendendo qu' a vida lle foxía por momentos, díxoll' á muller:

—Amalia, traeme os fillos pr' abrazalos e legalles o úneco qu' a miña probeza lles pode dar: o amargo froito d' a esperencia.

Viñeron éstos logo, proporcionand' ó pái sin ventura o derradeiro consolo de contempralos tan garridos ambos á dous como de feiteiceira hermosura a rapaza e despois d' estreitalos contra seu amante peito, e con vos qu' estinguíase por momentos, faloulles d' esta maneira:

—Nunca seades covizosos de mais bés qu' os necesarios pr' a vida, e en ves de busear outros maorestatade d' aproveitar e traballar os qu' a sorte vos depare. A filicidad consiste en estimar o que cada un ten, porqu' o deseyo sin freno é igoal á sede d' os hedrópecos, qu' aumenta bebendo. Eu, correndo tras a fortuna, pasei vint' e dous anos de miserias, mentras éla visitáb' a miña casa.

Ás poucas horas a campana d' a eirexa entretecía os ánemos d' os aldeanos co-as suas tristes badaladas.

O siguiente dia o cadavre de Bras d' Outeiro era depositado n-o cimiterio d' a parroquea.

A. V. T.

FUNGUEIRAZOS

Sesión municipal d' o 2 de Marzo.—Abert'a sesión á

nove menos coarto, e aprobada a auto d' a 'nterior, léronse as bases qu' a comision de Hacenda propuxo pr' o nombramento d' o depositario, consistentes n-a rebaixa d' a fianza á 16.000 pesetas en metálico, en valores públicos cotizables por valor afeutivo d' as duas terceiras partes, ou en fincas rústicas e urbanas, aseguradas d' incendios as últimas, e tamen pol-as duas terceiras partes d' o seu valor, retribución de 3.000 pesetas e 1.250 pra gastos d' esquirtorio.

Defendeuna o señor Casares como presidente d' a dita comision.

O señor Lamela pareceulle pouca fianza a proposta fundándose en qu' ás veces hay moita maór cantidá n-a depositaria e en qu' aquela debe ser de 80 a 100.000 pesetas.

Reutifica o señor Casares dicindo que non tomou como base pr' a fianza a maor ou menor cantidá que poida haber en caixa, senon a rebaixá d' o sueldo d' o depositario, e qu' algo habia que deixar a honradés d' este, estendéndose en outras consideraciós.

Reutifica o señor Lamela.

Pide o señor Pardo qu' o ditamen quede por oito dias sobre d' a mesa pra que poidan estudialo todol-os concexás, non opoñéndose á elo a comision autora d' o proxeyto.

Si fóramos maliciosos coidariamos qu' o candidato d' o señor Pardo pr' a depositaria non tiña confianza n-o resultado d' a votación, ó revés d' o que debia pasarlle o d' os señores Villar de Francos e Lavaca pol-a presa que se daban en que se votase.

Despois d' algúns dimes e direiches, quedou o proxeyto sobr' a mesa.

Douse conta d' unha comunicación d' o gremio de carniceros participando que dentro de coarto dia subirian o precio d' a carne, noticia que tanto os nosos leutores com' á nosoutros *enche...* de satisfacción.

Non atopand' o señor Mayor Rivas xustificad' a suba d' a carne, propón estabreza o auntamento unha ou duas carnicerías reguladoras co que deixaráse d' estar baix' o capricho de catro industriás qu' en canto hay algun movemento n-as feiras, por pequeno que sea, aproveítano pra outér maores ganancias.

Tamen propuxo qu' en vista d' a escasez de pescado non se premita —como se fai n-outras pobraciós— a venda pra esportación hastra certa hora en que xa o pobo esté sortido.

Non podendo a alcaldia tomar por sí acordo algun, propuxo nomear unha comision qu' estudie estas proposiciós, e foi elixid' a de policia.

O señor Garcia Collazo, como persidete d' a mesma propuxo que desde logo se estabrecera a tabraxeria reguladora, en cant' ó pescado non considera atinad' a medida por créla atentatoria á libertá industrial.

Reutifica o señor Mayor, e di qu' él solo pide se venda ó público parte d' a pesca ó mesmo precio que se vende ós traficantes.

O señor Vilariño pregunta si a alcaldia tomou nota d' o proxeyto d' o Goberno d' estabrecer as academias militares perparatorias, contestándolle qu' habia esquirto ó excelentísimo señor don Xosé Sanches Bregua, á quen se espera d' un dia á outro, e qu' en canto chegase conferenciaria co-él.

Feitas outras preguntas por varios concexás, suspendeuse a sesión por cinco minutos pra poñerse d' acordo pr' eleucion d' un teniente alcalde, e aberta novamente procedeuse á votación sendo eleuto o señor Sesmeros por quince votos.

Os señores Golpe e Rouco, non gastaron saliva en esta sesión.

Iñorábamos estaba premitid' o emprego d' a *dinamita* n-os desmontes d' os solares dentro d' a pobración.

Dicimos esto porqu' o sábado e cando era maor a concurrencia n-o Camiño Novo estouparon dous barreiros qu' obrigarón ós paseantes á meterse no-s portás por mor de non racibir algunh' almendra.

Como entr' os paseantes habia un concexal supoñemos qu' enteirado a estas fechas o señor Alcalde haberá dad' orden prohibind' o dono d' o solar o uso de tan peligrosa materia esprosviva.

N-a prazueta d' a Fonte de San Andrés, e ás tres d' a tarde d' o sábado vim' os com' unha moa de xente e a curiosidade levounos a investigar o que seria.

Coidando atoparnos con algun *títile mundi* executando xogos de man, vimos un probe rapaciño cego qu' estaba sirvindo d' adivirtimento á outros xa escrouchados, e a un prúbico que s' escachaba de risa, o vel-as alquivocaciós que sofria.

Quixemos ver, de poñer fin a este esputáculo—que non queremos calificar —por medio d' un axente d' autoridá; pro...

A través d' os meus cristás,
d' os anteollos o través,
tod' o mundo pasa e mira,
tod' o mundo, menos él...

Firmada pol-o señor Mayor Rivas, como persidente d' a comision de festexos, recibimos atenta invitacion pr' asistir á unha reunion perparatorio que se celebrará hoxe ás oito d' a noite, n-a casa consistorial, reunion que tén por oxetito tratar d' os que s' han de celebrar o ano que ven con motivo d' o terceiro centenario d' a heroi-na Maria Pita.

Mellor enteirados d' o que pasou n-a reunion perparatoria pra tratar d' o asunto d' a traída d' augas, sabemos que non foi o señor Casares quen propuxo que se recargaran os alquileres d' as casas n' un 15 por 100 nin tampouco foi est' o gravamen proposto, sinon un 5 por 100; pro así e todo párcenos moito, porque xa hoxe custa tanto o alquiler d' unha casa n-a Cruña como n-a Corte,

Imparciales e amigos d' a verdá comprácenos dar á cada un o seu, e por eso facemos gustosos esta reutificación.

Rua d' a Fita, núm. 7, Cruña.

FABRICA DE CHICULATE TRABALLADO A BRAZO

DE

RAMON GUITIAN

Praza de Vista alegre.—Sárria.

Toda persoa fina é intelixente qu' o *sucunusco* noso haxa probado, dirá, lanbend' o bico e sorridente: "Das máquenas non sal tan bó bocado."

E esta verdá non ten volta nin tasa pr' os que d' o *caracas* entendades; mais si alguen duda, merqueo n-esta casa ou pregunte de cal gastan os frades.

Praza de Vista-Alegre—Sárria.

A N U N C E O S

PAPELERIA. LITOGRAFIA

E OUXETOS D'ESQUIRTORIO

M. ROEL,

54-Real-54

Compreto sortido en toda crás de papés de fio pra oficinas—de folla longa pra preódecos e obras—bonitífios papés pequenos e comerciás pra cartas—tintas, lapiceiros, prumas e canto fai falla n-os esquirtorios, —compretos y-alegantes útiles pra dibuxo, así como tamén artículos pra fumar.—Abondante sortido de libros moi equiños pra rezar n-a eirexa señoras e señoras.—Libros con siguideiros pra contas.

Ista casa conta n-o seu espacioso taller c'unha dúcia de rapaces, uns que rascan n-as pedras facendo bonitífias cousas e-os lapiceiros d' aceiro, y-outros que fan botar d'as máquenas follas abondo con vistosos coores; e o mesmo fanse traballos pra oficinas civiles e d'os corpos armados, papés e-os timbres moldeados; empresos pra contas, libros siguideiros de mais ou menos follas, como fanse tamen moi boas TARXETAS brancas, de loito e con escudos d' armas ou outras alegorías. Etiketífias pra os feires, botellas de viño, cervezas e pr' as tendas de medicinas. Letras de xiro, cartés, cartas co-a relacion empresa pra non ter qu' esquirbir tanto n-os comercios, esquelífias pra noticear casamentos, e outras cousas que por ser moitas se m' esquencen.

54, calle Real, 54—A Cruña

MARIANO VAL E C.^A

Santa Catalina, 17

Viños d' Aragon, Castilla, Blanco Chielana, Riveiro e Valdepeñas.

Viños de mesa como éles n-os atopades n-o pobo, dan forza ós convalecentes, curan o cólera morbo, ós vellos dan longa vida, ás casadas dán refolgo e se cantan moitos casos de zasucitar ós mortos.

E o sacreto d' estas curas beber un neto d' un sorbo, e repitindo estas tomas pagar ben e pidir outro. Pra pifar entre comidas o Chielana é como un ouro, e onte un vello qu' o catou saleu d' alí feito un mozo. **NON MAIS CALVOS**, qu' este viño fai medral-o pelo á moitos, si con magras de xamon dan unhas fregas ó estógamo.



ZAPATERIA BRIGANTINA

DOMINGO TENREIRO E COMP.

Ruatr íesa, 12—Betanzos

N-esta conecida tenda, á que xusta fam' abona, hay canto a moda pertenda, bó e barato, ¡qu' é perbenda n-estes tempos, segun sona!

Hastra d'o confin d'a terra veñen aquí os materiás; e aquí, co-a rutina en guerra, faise o calzado, á compás d' as nociós qu' a cencia encerra.


Estética, Xeometría son mayestras n-o taller, direutor' a Natomia, e dáse os pés outro sér e ó corpo mais gallardía.

GRAN TINTORERIA D'O PALENTINO

Calle d' Orzan, 68

N-este acreditado establecemento tíñese de todol-os colores e quitanse toda clás de manchas ás roupas, así de señoras como de cabaleiros; ademais lávanse cobertores de lan, usados ou novos, dáselles o coor que queira e sácaselles o pelo; todo moi baratiño e co-a prefección que ten acreditado.

NON ESQUENCERSE:—Orzan, 68, Cruña.



F. G. ACUÑA

ORBALLEIRAS

poesías gallegas e castellanas

Véndese aquí

A FULIADA

PREÓDECO SEMANAL D' ENTRESSES MORÁS E MATERIÁS.

Sal á lus todol-os xueves

Precio de suscripcion:—Oito cadelos pequenos ó mes

Número solto UN can grande

EMPRENDA

DE

A. AMENEDO PONTE

Rua d'a Fita, núm. 7

Faise aquí toda clás de traballos, ben e barato.